Ourense 12 do San Xoán 1971

Sr. Dr. Antonio Fraguas e Fraguas
Santiago de Compostela.

Meu querido e lembrado Fraguas: Vai miña aperta longa e calada de vello amigo, pidindo pra Vde no día de mañán a millor sorrisa do santiño lisboeta e saúde e esperanza pra moitos belidos anos numerados pola voce pastoral do relox de Santiago. Nós seguimos aturando ventos e escaravanas e acodindo a aldea como a unha probe velliña xa sin forzas pra ensombrecere as cereixas e madurar o pan. Polo demais ben desexando falar con Vdes os bos amigos en Santiago xa que Vdes ensamais dan unha volta por aquí. Agardo sempre con ilusión os seus artigos no "Arauto". Xente boa e de Chaves e Vilarreal. Beberei en honra de Vde un vasiño de branco.

Con lembranzas de Pita, moi agasalleiras pra ise ditoso matrimonio e miñas pra Teresa - 6.5.5.pgs - sempre seu con novas memorias e apertas Ramón Otero Pedrayo